

III CONCURSO DE FOTOGRAFÍA EUCARISTÍA E PATRIMONIO RELIXIOSO EN LUGO

1. PARTICIPACIÓN. Poderán participar todas as persoas que o desexen.

2. TEMAS.

- A. O patrimonio relixioso cristián
- B. A Eucaristía en Lugo

En ambos temas o ámbito será o da Diocese ou a provincia de Lugo.

3. OBRAS. Cada participante poderá presentar un máximo de 4 obras e en cada unha delas deberá figurar o tema no que participa (A ou B). Admitiranse obras tanto en branco e negro coma en cor.

4. PRESENTACIÓN. As obras deberán ir montadas en paspartú de 40x50 cm.

5. IDENTIFICACIÓN. As obras levarán anotado ao dorso título, nome, enderezo e teléfono do autor.

6. ENTREGA. Deberán ser enviadas a:

Centro Eucarístico Lucense
Praza de Santa María 1
27001 Lugo.

7. PREMIOS.

Apartado patrimonio relixioso:

- Primeiro premio: 750 euros e trofeo
- Segundo premio: 400 euros e trofeo

Apartado Eucaristía en Lugo:

- Primeiro premio: 750 euros e trofeo
- Segundo premio: 400 euros e trofeo

8. CALENDARIO.

- Data límite de admisión: 16 de maio de 2016
- Fallo: finais do mes de maio
- Exposición: mes de xuño
- Entrega de premios: durante a exposición

9. DEVOLUCIÓN. As obras premiadas quedarán en poder da organización. Todas as obras que non foran premiadas poderán ser retiradas polo autor ao rematar a exposición. As obras non recollidas entenderase que son cedidas ao Centro Eucarístico Lucense. A organización resérvase o dereito de reprodución da obra que crea conveniente, dando coñecemento do nome do autor e, en calquera caso, sen ningún beneficio económico.

10. RESPONSABILIDADE. As obras recibidas serán tratadas co máximo coidado. O autor exime á organización de calquera responsabilidade por danos, deterioro ou perdas que poida sufrir a obra.

11. IMPREVISTOS. Calquera caso non previsto nestas normas será estudado e resolto pola organización. A participación supón a aceptación das presentes bases.

Lucense Eucharisticum Centrum
Diocese de Lugo